# ORBALLO

Exemplar nº 62




*Xela Arias*

LETRAS GALEGAS 2021

# Letras Galegas

## dende 1963 a 2021

- 1963 Rosalía de Castro
- 1964 Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
- 1965 Eduardo Pondal
- 1966 Francisco Añón
- 1967 Manuel Curros Enríquez
- 1968 Florentino López Cuevillas
- 1969 Antonio Noriega Varela
- 1970 Marcial Valladares Núñez
- 1971 Gonzalo López Abente
- 1972 Valentín Lamas Carvajal
- 1973 Manuel Lago González
- 1974 Xoán Vicente Viqueira Cortón
- 1975 Xoán Manuel Pintos Villar
- 1976 Ramón Cabanillas
- 1977 Antón Villar Ponte
- 1978 Antonio López Ferreiro
- 1979 Manuel Antonio
- 1980 Alfonso X el Sabio
- 1981 Vicente Risco
- 1982 Luís Amado Carballo
- 1983 Manuel Leiras Pulpeiro
- 1984 Armando Cotarelo Valledor
- 1985 Antón Losada Diéguez
- 1986 Aquilino Iglesia Alvariño
- 1987 Francisca Herrera Garrido
- 1988 Ramón Otero Pedrayo





Ola a todos/as!

Neste curso tan especial estamos encantados de poder achegarvos de novo a nosa revista escolar **"Orballo"**, que na súa **edición 62** foi elaborada como sempre grazas ao esforzo dos alumnos/as e á colaboración do profesorado do colexio.

Na nosa revista atoparedes a descrición dalgunhas actividades que realizamos ao longo do curso, contos, debuxos, pasatempos, lendas, curiosidades, a biografía de Xela Arias (escritora homenaxeada polas Letras Galegas 2021), o mural de Educación Infantil, retratos, entrevistas ao alumnado de sexto...

Lembrámosvos que na web do Centro se pode visualizar máis información gráfica das actividades realizadas e a edición dixital de "Orballo". Tamén se pode acceder a esta información a través das seguintes ligazóns:

http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgregoriosanz/

https://agueiro.xunta.gal/view/view.php?t=KpNfgGkx6dOLyDvTs14F

Agardamos que vos guste a nosa revista. Ata o vindeira edición!

*"Agora na primavera fixen nove anos. Son moitos para non procurar nada de proveito na vida, así que vou escribir un libro."*

*"Hai xa certa cantidade de anos, non sei cantos, estaba eu na miña casa de Xemil e tiven unha idea: ir viaxar e explorar o mundo."*



Xela Arias

# XELA ARIAS CASTAÑO



Foi unha escritora, tradutora, editora e docente.

Naceu en Ortoá, en Sarria (Lugo) o 4 de marzo de 1962. Cambiou o seu nome dúas veces, de María de los Ángeles a María dos Anxos e finalmente a Xela.

Comezou os seus estudos en Lugo e no ano 1969 trasladouse coa súa familia a Vigo onde completou a Primaria no mesmo colexio no que traballaba o seu pai.

Dende moi nova interesouse pola escritura, gañando xa aos 11 anos o seu primeiro concurso literario. No ano 1980 decidiu non presentarse aos exames de COU, porque pensaba que o que alí lle ensinaban podíao aprender pola súa conta na rúa. Foi unha escritora bastante excéntrica no seu estilo, e a súa poesía estivo influenciada pola vida urbana da súa cidade durante os anos 80: o Rock, o Punk, o Pop, a moda, o deseño, os fanzines literarios e a cultura alternativa.

Uns meses despois de deixar os estudos comezou a traballar na editorial Xerais, primeiro como oficinista e logo como editora e tradutora. En 1991 retoma os seus estudos e comeza Filoloxía Hispánica na universidade de Vigo que compatibiliza co seu traballo na editorial e unha intensa actividade cultural e literaria.

A súa ultima ocupación laboral sería a de profesora de Lingua e Literatura en varios institutos de secundaria.

Xela Arias faleceu a os 41 anos o 1 de novembro de 2003 conmocionando ao mundo da cultura e deixando tras de si un grande legado cultural, literario e ante todo humano.

**Publicou en xornais e revistas** coma "A Nosa Terra", "Diario 16 de Galicia", "Faro de Vigo"...

**Colaborou en publicacións** coma "Festa da Palabra Silenciada", "Luzes de Galia" ou "Boletín Galego de Literatura".

**Traduciu** ao galego obras en portugués, italiano, inglés, castelán, francés... como "Contos ao Teléfono", de Rodari; "As bruxas", de Roald Dalh; "O Gato Gaiado"..., de Jorge Amado, entre outros.







Co conto "A fraga dos paxaros faladores" e "A fraga leopardicia" gañou o **VI Concurso de contos Infantís de O Facho da Coruña.**

Como **poeta** publicou os libros "Denuncia do equilibrio", "Tigres como cabalos", "Intempériome" e "Darío a diario", dedicado ao seu fillo.












# ADIVIÑAS?

1ºA

Anda e non ten pes
come e non ten boca
toda a comida lle
parece pouca.

O muíño



No campo crieime atada
con verdes lazos e se
choras por min estás
a partirme en pedazos.

A cebola



Unha cousa para quen
sempre chove e sempre
está mollada.

A lingua



Pela con pela e eu
reisca no medio.

O piollo



Atar min os ríos chegan
e por min os barcos
van. Como unha manta
turquesa cubro o
planeta.

O mar



Na terra teño un curmán pero estou feliz no mar, cabalgo nas augas calmas e agóchome nas algas.

O cabaliño de mar



Que cousiña será quel ten orellas coma o gato, pes coma o gato, rabo coma o gato, ollos o gato pero gato non é?

A gata



Ten lombo e non anda, ten follas e non é planta, sabe moito e non fala.

O libro



Ten dentes e non come, ten cabeza e non é home.

O allo



Redondo como un roscón e a el obedece todo o camión.

O volante



Gústame andar de lado, de cor louro no océano, rubio estou no prato.

O cangrexo



Que fai un burro ao sol?

O burro fai a súa sombra



1ºA

Teño oito patas cheas de
ventosas, arrolado polas ondas
paseo entre as rochas.

o polbo



Úsase para comer e non
é prato nin culler.

A boca



Pon col caza ó revés e
o meu nome tes.

O caracol



Alto como un pino e
non pesa nin un comino.

O fume



Branco como o papel, rompe como
o cristal. Todos opoden abrir,
ninguén o pode pechar.

O ovo



Cinco paaaiños son e no
medio está o maior.

Os dedos



Vivo entre dous muros
que non poden verse e
aínda non me dobro
dobranme a xente.

A esquina



1ºA

# Receita da felicidade




**Ingredientes:**

Amor
Familia
Amigos
Colexio
Mascotas
Sol

**Preparación:**

Temos que verter nunha cunca:
-Moito amor e cariño da familia, dos amigos e das nosas mascotas.-
Engadimos risas, música, xogos e baile.
Remexemos e vertemos unha cullerada de sol e bo tempo.
Non nos podemos esquecer de botar un vasiño de zume de colexio, feito con contos superchulos e de sumas e restas.
Mesturamos todo e metémolo no forno

dos nosos corazóns.
Pasada unha hora espolvoreamos
con moita saúde e servimos.
Bo proveito!



1º B, Educación Primaria

# Noticias breves de 1º B

Xa somos maiores! Por iso celebramos os nosos cumples con unha tarta superchula!

**Ler é moi divertido, os contos lévannos a lugares marabillosos. Por iso, practicamos a lectura cada día.**

*Este curso visitounos moitas veces o Rato Pérez.*

**Traballamos un montón! Fixemos manualidades e debuxos.**

**Tamén decoramos a clase, a porta e fixemos murais!**

Aínda que non poidamos saír do cole, participamos e fixemos actividades moi divertidas.

NO PATIO PASÁMOLO XENIAL XOGANDO TODOS XUNTOS! DESCUBRIMOS QUE SOMOS UN GRAN EQUIPO.

**1º B, Educación Primaria**

2º A

Os nenos e nenas desta clase
querémosvos amosar,
como dándonos un verso
somos moi bos en rimar.

# O pesadelo

E a mestra díxolle a **Andrea**:

**Unha mañá de primavera...**

E **Andrea** contestou:

dun día soleado calquera

E a mestra díxolle a **Laura**:

**Encontreime nun camiño...**

E **Laura** contestou:

un gato azul, pequeniño

E a mestra díxolle a **Jéssica**:

**Era un gato tan distinto...**

E **Jéssica** contestou:

que era raro, non vos minto!

E a mestra díxolle a **Gael**:

**Quedeime tan abraiado...**

E **Gael** contestou:

que fiquei un anaco calado

E a mestra díxolle a **Naiara**:

**Pero rápido me decatei...**

E **Naiara** contestou:

de que o gato berraba: Ei!

E a mestra díxolle a **Helena**:

**Co susto subín a unha rocha....**

E **Helena** contestou:

que estaba, por certo, ben cocha!

E a mestra díxolle a **Henry**:

**Un gato azul que falaba...**

E **Henry** contestou:

que era aquilo, que pasaba?

E a mestra díxolle a **Zoe**:

**O gato miraba para min...**

E **Zoe** contestou:

e eu sen pensalo corrín

E a mestra díxolle a **Leo**:

**E tanto corrín que quedei..**

E **Leo** contestou:

moi cansado e sen xersei

E a mestra díxolle a **Iman**:

**O gato berraba detrás....**

E **Iman** contestou:

de min non te escaparás!

E a mestra díxolle a **Izan**:

**Nunca puiden imaxinar...**

E **Izan** contestou:

o que estaba a pasar

E a mestra díxolle a **Emma**:

**Esta mañá de primavera...**

E **Emma** contestou:

xa non é como eu quixera

E a mestra díxolle a **Iker**:

**Estou vivindo un pesadelo...**

E **Iker** contestou:

"sen comelo, nin bebelo"

E a mestra díxolle a **Abril**:

**-Antón, Antón, esperta!...**

E **Abril** contestou:

Ou queres que che riñe a mestra!

E a mestra díxolle a **Telmo**:

**Mamá, mamá e o gato?...**

E **Telmo** contestou:

Que gato Antón, estás fato?

E a mestra díxolle a **Nerea**:

**Que ben, só estaba soñando!...**

E **Nerea** contestou:

Ireime logo levantando!

E a mestra díxolle a **Hanna**:

**Abriu a ventá ben axiña...**

E **Hanna** contestou:

e sabes que viu...? Imaxina!



Velahí o resultado:




## O pesadelo



Unha mañá de primavera
dun día soleado calquera,
encontreime nun camiño
un gato azul pequeniño.





Era un gato tan distinto,
que era raro, non vos minto!
Quedeime tan abraiado,
que fiquei un anaco calado.





Pero rápido me decatei
de que o gato berraba: Ei!
Co susto subín a unha rocha,
que estaba, por certo, ben cocha!











Un gato azul que falaba!
Que era aquilo, que pasaba?
O gato miraba para min
e eu sen pensalo corrín.

E tanto corrín que quedei,
moi cansado e sen xersei.
O gato berraba detrás:
-De min non te escaparás!



Nunca puiden imaxinar,
o que estaba a pasar.
Esta mañá de primavera,
xa non é como eu quixera.





Estou vivindo un pesadelo,
"sen comelo, nin bebelo".
-Antón, Antón, esperta!
Ou queres que che rife a mestra!




-Mamá, mamá e o gato?
-Que gato Antón, estás fato?
-Que ben, so estaba soñando!
-Ireime logo levantando.



Abriu a ventá ben axiña,
e sabes que viu...? Imaxina!

2°A





# Rimas cos nosos nomes

A nosa mestra Isabel
quérese colgar un cascabel.

Cando encontro a Uxía
sempre vai con María.

O noso amigo Mark
molla os pes no mar.

A señorita Paula
está sentada na aula.



Gabriel

Se encontras a Berta,
dalle unha gran aperta.

Cando vexo a Manuel.
sempre vai con Gabriel.

Algo que lle encanta a Julia
é estar baixo a chuvia.

Cando vexo a Daniel Rojas
sempre xoga coas pólas.

Eu vexo que Miguel
está subido no carrusel

O pai de Ainara
sempre toca a guitarra



Cando vexo a Nico,
sempre leva un pico.

Hay un neno chamado Lois
que vai vir despois



E tamén virá Rim
ao parque co seu patín

O outro día vin a Antía
paseando pola ría.



Na casa de Maco
sempre hai un rato.

Todolos días Gabriel
pinta nun papel

Se ves a Daniel Fernández
non lle preguntes por Serantes.

O outono pasado, Hugo
foi visitar ao seu curmán de Lugo.

Nenas e nenos de 2º B



# SABÍAS QUE...



- O fuciño dun gato e único como as impresións dixitais dos humanos. Non hai dous fuciños de gato iguais.

- Un tiburón pode ulir unha pinga de sangue a 8 Kilómetros.



- O embarazo dun tiburón dura catro anos.

- Os pingüíns son detallistas, pasantempo buscando unha pedriña para declararse á que será a súa parella de par vida.

- O ruxido dun león adulto pode escoitarse a 8 km de distancia.

- As formigas teñen dous estómagos, un para conter os seus propios alimentos e outro para os alimentos que compartirán coas outras formigas.

• Os cans menean a cola cara á dereita se están contentos e cara a esquerda se están tristes.



• As xirafas dormen dúas horas do día, como non logran un sono profundo, reparten as dúas horas en períodos de dez minutos ao longo do día.

• Os coellos teñen unha visión penorámica de 360(grados) que lles permite detectar depredadores que se acerquen dende calquera dirección.



• Os erizos ven todo de cor amarela.

• As patas dos tigres son tan poderosas que poden permanecer de pé incluso despois de morrer.

• Os humanos parecemonos ás xirafas no número de vertebras do pescozo. Ámbolos dous temos sete.



- As ras poden pechar os seus propios oidos.



- O tigre é un animal vengativo, ten unha memoria impresionante e sempre busca vinganza.

- O oso panda pasa 12 horas ao día comendo

- Cando os gatos ronronean quere dicir que están contentos.

- Un rato pode pasar máis días sen beber que un camelo

- As vacas teñen mellores amigas, e se estresan cando as separan delas.









TERCEIRO A

# VERSIONANDO A ROSALÍA



Terceiro A

# Curiosidades terrestres

UN  DE 10





1 - A Terra é coñecida como o planeta azul. 70 de cada 100 partes da superficie terrestre están cubertas de agua.

2 - A Terra é o planeta do sistema solar que se ve máis brillante debido ao reflexo da luz solar sobre a auga.

3 - A Terra atópase a 150 millóns de Kilómetros do Sol polo que a luz solar tarda 8 minutos e 19 segundos en chegar ao noso planeta.



4 - Pénsase que na Terra existen case 9 millóns de especies de seres vivos dos que tan só coñecemos 1 millón.



5 - O animal máis resistente do planeta é o tardigrado. Pode sobrevivir sen auga durante varios anos, incluso no espazo exterior. É microscópico e tamén é coñecido como oso de auga.





6 – O lugar máis profundo da Terra atópase baixo o mar. Na Fosa das Marianas no Océano Pacífico a profundidade chega aos 10.994 metros.

7- Se non houbera lúa, os días terrestres durarían 6 horas. Sen Lúa, o noso planeta xira-ría máis rápido e os ventos se-rían moito máis fortes e as mare-as moito máis febles.





8- A selva do Amazonas en América do Sur é coñecida como "o pulmón do planeta" xa que produce unha quinta parte do osíxeno da Terra.



9- Os arcos da vella en realidade son circu-lares. Nós non vemos o círculo enteiro porque o horizonte da Terra nos oculta a parte inferior



10- O campo magnético terrestre actúa como un escudo protector contra o bombardeo continuo de partículas do Sol. Así se forman as auroras polares.







3º B

# CERTAME DE SENIORPÍAS

No mes de abril participamos no Certame de Seniorpías convocado polo Centro de Atención a Maiores de Ribadeo. A actividade consistía en escribir un texto cun máximo de 141 caracteres, onde cada palabra debía levar un número de letras igual ás sucesivas cifras do número π. Estas son as cifras iniciais do número π: 3,14159265358979323846264338327.

























3ºB

# CONCURSO DE DEBUXO INFANTIL - LETRAS GALEGAS 2021

Para este concurso realizamos un debuxo sobre o tema **"O dereito das nenas e nenos a participar na vida cultural. (Artículo 31 Convención sobre os Dereitos do Neno)"** convocado pola Biblioteca Municipal. Estes son os nosos traballos:























**3ºB**

# UNHA HISTORIA SEN PÉS NIN CABEZA

4ºA

Nunha época da prehistoria dun ano que xa non me quero acordar:

Nunha cova subterránea, baixo unha montaña moi alta, había unha escola de animais, pero non era unha escola calquera, era máxica! Nela había animais da terra e do mar. MMMMMM! do mar non, do océano, concretamente do Océano Atlantis, A escola viñan animais con: pulmóns, branquias, alas, e o que te poidas imaxinar.

- Un día nun recreo viron un dinosaurio xigante! Chamado Xan, que loitaba con neno máxico, Chamado Perican.

- Estaban na Illa das Cabras, e Pirañas Vexetarianas. tal como o liches, así se chamaba!

Nesta illa sempre había prolemas, xa que tanto as cabras como as pirañas querían comer as algas. Entón non había comida para todas elas. Pero só pelexaban Xan e Pericán. O Dinosaurio ía polas cabras... me mee meeee! e o neno polas pirañas... ñam, ñam, ñamm. Iniciando así unha batalla mundial.

ZAS! ZIS! PATAZAPS! PLIS PLAS!

Pericán espertou, que durmindo estaba no bosque máxico con ás e lanza, nesas estaba o dinosauro Xan, facendo o pino. O neno asustado foise e pobre, esnaquizou unha á.



.O neno foi atrapado polo dinosaurio, e xuntos marcharon para a illa das Cabras e as pirañas Vexetarianas para seguir batallando.

·E ista é a historia máis absurda que 4ª A che pode relatar.
A rorro meu neno a rorro, que a batalla vai comezar.








As nenas e os nenos de Educación Infantil fixeron un mural,
co gallo das Letras Galegas, arredor duns versos de Xela Arias:




***"Nas terras de ninguén que chaman ás casas.
Os vosos fogares.
Asolados de compromisos tan, tan antigos"***
(Intempériome. 2003)

X Z A B C

V D

# PASAPALABRA

U E

T F

S G

R H

Q I

P K

O Ñ N M L

· Co A: Como se chaman as persoas que estudan as estrelas?

· Coa B: Nome das palabras que teñen dúas sílabas.

· Co C: Obxecto con formas diversas para abrir ou pechar portas.

· Co D: Papel que se entrega ao gañador dun xogo.

· Co E: Animal con trompa e colmillos que soe habitar en África.

· Co F: Narración por medio dunha ficción que pretende dar unha explicación útil e moral.

X Z A B C

V D

# PASAPALABRA

- Co G: Instrumento tradicional galego.
- Co h: Que ser vivo aguanta todas as estacións?
- Co I: Construcción de xeo onde viven os esquimos.
- Co K: Froita verde por dentro e marrón con peliños por fóra.
- Co L: bebida que se obtén de varias animais.
- Co M: material que se extrae das árbores e co que se fai o papel.
- Co N: Doce de hoxaldre recheo de chocolate.
- Contén o Ñ: Mamifero acuático de cor gris, azul ou branco, que se caracteriza pola súa intelixencia.
- Co O: grupo de animais que comen carne e vexetais.
- Co P: tubérculo que se sementa nas hortas.

U E T F S G R H Q I P K

O Ñ N M L

X Z A B C

V D

# PASAPALABRA

U E T F S G R H Q I P K O Ñ N M L

- Co Q: Alimento que se fai con leite de varios animais.
- Co R: Tipo de flor que provén dunha planta con espiñas.
- Co S: Caldo con verduras e pasta.
- Co T: frase difícil de pronunciar.
- Co U: Planeta do sistema solar.
- Co V: Instrumento que tocou Vivaldi.
- Co X: Insecto calántero de forma esférica con punteadas de cor negra.
- Co Z: Son dun insecto cando voa.

SOLUCIÓNS

A: Astrónomos; B: bisílabas; C: Chave; D: Diploma; E: Elefante; F: fábula; G: gaita; H: herba; I: Iglú; K: Kiwi; L: leite; M: madera; N: Napolitana; Ñ: golfiño; O: omníevoros; Q: Queixo; R: Rosa; S: Sopa; T: Trabalinguas; U: Urano; V: Violín; X: Xoaniña. Z: Zunido.

4ºB

# O Día do Libro

Este ano no noso colexio celebramos o Día do Libro cunha lectura conxunta, entre todo o cole, dunha parte do Quixote. Fixemos un vídeo coa a lectura, os debuxos e as manualidades

O día 23 de abril celébrase o Día do Libro. Escolleuse este día en conmemoración a morte de grandes escritores recoñecidos a nivel mundial, como Miguel de Cervantes, William Shakespeare e Garcilaso de la Vega.



# Don Quixote da Mancha



Foi un novelista, poeta e dramaturgo nacido en Madrid el 1547. Está considerado a máxima figura da literatura e coñecido universamente por a obra de "Don Quixote da Mancha".



EL INGENIOSO HIDALGO DON QVIXOTE DE LA MANCHA,

*Compuesto por Miguel de Ceruantes Saauedra*

DIRIGIDO AL DVQVE DE BEIAR, Marques de Gibraleon, Conde de Benalcaçar, y Bañares, Vizconde de la Puebla de Alcozer, Señor de las villas de Capilla, Curiel, y Burguillos

Año, 1605.

CON PRIVILEGIO,

*EN MADRID* Por Iuan de la Cuesta.

Vendese en casa de Francisco de Robles, librero del Rey nro señor

María Rodríguez Rival e María de Quiñones eran dúas mulleres que tiñan unha imprenta en Madrid. Nesta imprenta fíxose a 1ª edición do Quixote. A persoa que aparece nesta 1ª edición é Juan de la Cuesta, marido de María de Quiñones.

4ºC

# Os Personaxes



Un fidalgo de 50 anos chamado Alonso Quijano decide ser un caballero andante, como aqueles que aparecen nos seus libros de caballerías favoritos.

Sancho Panza era un empregado de Alonso Quijano que se converte no seu escudeiro Xuntos viven moitas aventuras



Rocinante é o cabalo de Don Quixote. Para él a mellor montura.



Dulcinea do Toboso é en realidade unha campesina chamada Aldonza Lorenzo. Don Quixote busca lograr o seu amor.



4ºC

# UNHAS ADIVIÑAS DE PARTE DE 5°A

- Teño agullas e non sei coser teño números e non sei ler.

Solución: o reloxo.

- Canto pero non son misa, teño coroa e non son o rei, teño espolas e non son un xinete, que son?

Solución: o gallo.

- Ten un dente e tira pola xente.

Solución: a campá.

- Teño escamas e non son un peixe, teño coroa e non son rei, son unha fruta.

Solución: a piña.

- Orellas longas,rabo cortiño,corro e salto, moi lixeriño.

Solución: o coello.

- Sempre está delante nosa, pero no se pode ver.

Solución: o futuro.

- Un señor gordiño moi coloradiño, nunca toma café sempre toma té.

Solución: o tomate.

- Doce señoritas nun balcón; todas teñen medias e zapatos non.

Solución: as horas.

- Cen amigas teño, todas sobre unha tabla. Si non as tocas, non che dicen nada. ¿Quenes son as miñas amigas?

Solución: as teclas do piano.

- Longa,longa como unha soga. E ten dentes coma unha loba.

Solución: unha silva.

# Deporte

# gimtafubavol

Gimtafubavol o novo deporte

O gimtafubavol é o novo deporte creado polos nenos e nenas de 5°A xunto coa súa profe Sissi. Este deporte é un conxunto de taichi, fútbol, baloncesto, e voleibol. Neste deporte temos catro grupos, dentro de cada grupo ten que haber un especialista en cada deporte que forma parte do gimtafubavol. Dentro de cada grupo ten que haber un líder que decida quen xoga contra quen do outro equipo. Gañará o que saque a carta máis alta e o faga mellor conseguindo os 3 puntos extras.

Os nenos e nenas de 5°A do C.E.I.P Gregorio Sanz xa o probaron, animan a todo o mundo a que xoguen cos seus amigos e amigas. Nestes tempos é o mellor deporte que se pode practicar, xa que é para todas as idades.

## UNS REFRÁNS

- A bo entendedor poucas palabras bastan.
- O que ten boca, equivocase.
- En boca pechada non entran moscas.
- En abril, augas mil.
- Quen ten cú ten medo.
- Más vale páxaro en mau, que cento voando.
- Entre país e fillos non metas o fuciño.
- A todo porco lle chega o seu San Martín.
- Nunca choveu, que non escampara.
- Ata o corenta de maio non quites o saio.
- A can vello e a cazador coxo, non lles queda a lebre no toxo.

## UNHAS RIMAS DE PARTE DE 5ºA

- Os de 5ºA traballamos o día enteiro aínda que no finde somos todos forniteiros. Eu o digo porque non teño medo, arriba 5ºA que se entere o mundo enteiro.

- A clase de 5ºA é espectacular, se tes ganas de aprender é xogar ven e o pasaras xenial. Somos os mellores, gústannos os xogos e os ordenadores.

- Todo o mundo falando, todo o mundo comendo, todo o mundo charlando, todo o mundo contento.

- Esta e a clase de 5ºA e facemos rimas sen parar, a nosa clase e a mellor e as nosas rimas molan mogollón.

# O RAP DE 5ºA

**E un paxaro, é un avión, e un furacán... nooooon!!!!!**
**Somos os de 5ºA.**
**Xa estamos, chegamos, nos presentamos, calculamos, creamos,**
**aprendemos... Arrasamos!**
**Ainda que nos gusta o Heavy Metal,**
**e por que nos da a gana,**
**sacamos unha rima da nada.**
**Dando un brinco decimos que somos**
**vinte e cinco!**
**Todos os días as nove,**
**tanto se fai sol ou chove,**
**levántome a estudiar**
**ao Gregorio Sanz!**
**É o mellor cole do mundo,**
**se non me cres eu cho aseguro!**
**Ir ao colexio e un privilexio**
**e se tes unha libreta**
**e imposible estarse quieta!**
**Lourdes e a mellor directora,**
**e Sissi a mellor profesora!**
**O noso cole e xenial,**
**e os meus compañeiros son os mellores**
**que hai!**





# O CAMIÑO PRIMITIVO

No século IX, un eremita que vivía no bosque Libredón, na diocese de Iria Flavia, observou unhas luces no ceo que parecían indicarlle que limpara e rozara unha zona do bosque. Avisou ao bispo Theodomiro e naquel lugar atoparon un sepulcro de orixe romano cos restos do Apóstolo Santiago o Maior e dos seus discípulos Theodoro e Atanasio. A lenda dicía que, tras ser decapitado en Jerusalén, o Apóstolo fora trasladado a terras de Galicia nunha barca de pedra.

O bispo viaxa ata Oviedo para informar ao rei Alfonso II o Casto daquel descubrimento que ía atraer ao reino centos de peregrinos de toda Europa. O rei decide que ten que ser el o primeiro peregrino que vaia venerar os restos do Apóstolo e a comitiva real sae de Oviedo tras escoitar misa na igrexa de San Tirso. Pasa por San Juan de Villapañada, Salas, Tineo, Pola de Allande, La Mesa, Grandas de Salime, A Fonsagrada, O Cádavo, Lugo, San Romao da Retorta, Melide, O Pedrouzo e chega ao lugar do descubrimento (Santiago de Compostela aínda non existía). Ao longo do percorrido, o rei foi tomando nota das necesidades do camiño para construír mellores pontes, reparar as calzadas romanas e abrir novas vías. Tamén decidiu que habería que construír igrexas, hospitais e albergues para os futuros peregrinos.

Cando chega ao bosque de Libredón (hoxe Praza do Obradoiro), manda levantar unha igrexa para protexer as reliquias, así como mosteiros e outras construcións para os servidores e os peregrinos que ían chegar en adiante. E dá o nome de Lucus Sancti Iacobi a aquela terra.

O camiño que percorreu Alfonso II foi o primeiro Camiño de Santiago e por iso recibe o nome de Camiño Primitivo. Dende entón, os camiños multiplicáronse ao longo do tempo.



Daniel Quirós 5º B

# Destino Lugo

Para Xiana e Lucio xa rematou o curso e empeza o verán. Os dous rapaces de Ribadeo son compañeiros de clase e moi amigos. Como todos os veráns quedan na praia dos Bloques de Ribadeo para pasar todo o dia, xogar e bañarse. Ese verán viron como chegaba un rapaz en cadeira de rodas que non coñecían nin o viran antes polos Bloques. Mentres eles xogaban e nadaban, o rapaz en cadeiras de rodas non paraba de miralos. Lucio díxolle a Xiana que parecíalle que o rapaz en cadeira quería xogar con eles e Xiana díxolle a Lucio que lle preguntara. Lucio e mais Xiana achegáronse a o rapaz e presentáronse. O rapaz chamábase Martín e vivía en Madrid e era a primeira vez que veraneaba en Ribadeo. Preguntáronlle porque ía en cadeira, e díxolle porque tiña una enfermidade dexenerativa que lle impedía andar. Xiana e Lucio preguntáronlle se non se aburría e el díxolle que non, que desfrutaba vendo como os rapaces corrían, nadaban e se tiraban de cabeza dende as zapatas. Tamén díxolles que lle gustaba moito facer turismo e coñecer moitos lugares. Xiana e Lucio propuxéronlle se quería coñecer toda a comarca da Mariña e que eles farían de guías para amosarlle os lugares preciosos que ten, con moitas historias e moitas lendas, asegurándolle que quedaría namorado. El aceptou pero lles dixo que tiña un problema: non todos os lugares están preparados para ser visitados por xente en cadeira de rodas e polo tanto solo podería ir a aqueles lugares que estean preparados. Xiana e Lucio dixéronlle a Martin que non se preocupara por iso porque eles o levarían as costas en aqueles lugares non preparados. Os tres quedaran ao día seguinte na casa de Martin para decidir que lugares e cousas ver en toda A Mariña. Cando se xuntaron empezaron a escribir nunha libreta os lugares que visitar por concello:

*En Ribadeo*: a praia das Catedrais, o forte San Damián, o Cargadoiro, Illa Pancha con o seu faro, a torre dos Moreno, o mirador de Santa Cruz e a estatua aos Gaiteiros, as casas indianas espalladas por todo o Concello e o porto de Rinlo.
*En Foz*: a catedral de San Martiño de Mondoñedo coa lenda da Fonte Zapata e o castro de Fazouro.
*En Burela*: ver o regreso dos barcos da costeira do bonito e o barco museo Raiña do Carme.
En Cervo: o paseo dos Namorados e a Fabrica de Sargadelos.
*En San Cibrao*: as illas Farallóns coa súa lenda da Maruxaina, o museo do Mar, o porto de Morás e o faro do Roncadoiro.
*En Mondoñedo*: a Catedral , a cova do Rei Cintolo, o barrio dos Muiños, a ponte do Pasatempo e comer a Tarta de Mondoñedo
*En Viveiro*: ver a chegada dos barcos da costeira da pescada no porto de Celeiro, a porta de Carlos V, Convento de San Francisco e os eucaliptos de Chavín.
*No Barqueiro*: ver Illa Coelleira e Estaca de Bares.
*No Vicedo*: facer a ruta O fociño do Porco e ver a praia caribeña de Xilloi.
*En Valadouro e en Ferrreira*: probar un dos mellores meles do mundo.
*En Alfoz*: os restos da Frouxeira (residencia de Mariscal Pardo de Cela) e as de o seu fillo, as de Castrodouro.
*En Lourenzá*: o Mosterio de San Salvador con o seu sepulcro de terra Santa, e comer as mellores fabas do mundo.
*En Riotorto*: ver a algún artesán do ferro facendo aparellos coma fouces ou coitelos.
*Na Pontenova*: ver os fornos da antiga siderurxia e comer unhas troitas do río Eo.

Una vez rematada a lista dos lugares que visitar, quedaran para o día seguinte moi cedo para que lle dera tempo a ver todos os lugares e fóronse para as súas casas a durmir. O dia seguinte Xiana e Lucio foron buscar a Martín e chamaron ao timbre e ninguén abría. Insistiron tanto que espertaron a unha veciña de Martin que pola ventá díxolles que non estaban, porque fóranse a noite para Madrid ao Hospital porque Martín tivera un ataque e deixara de falar. Xiana e Lucio quedaron moi tristes sen saber que facer e decidiron visitar todos os lugares que tiñan planeado con Martin, e apuntar nunha libreta aqueles que non estean preparados para visitar en cadeira de rodas para pedirlle aos políticos que o arranxen para que podan ser visitados por toda a xente.

***Jacobo Rodríguez Rubiños – 5ºB***


Rosalía de Castro
1837 – TIMELINE – †1885
1837
1855
1860
1865
1875
1880
24/02 Naceu nunha casa do Camiño Novo en Santiago. Filla de Maria Teresa de la Cruz de Castro e do crego José Martínez Viojo
1856 Viaxa en abril a Madrid. Reside na casa da súa tía.
1857 Publica o seu primeiro libro: o poemario "La flor"
1858 Publica a súa primeira novela, "La hija del mar". Cásase con Manuel Murguia. Terán sete fillos. Publica o manifesto feminista - "Lieders".
1859 Nace a súa primeira filla Alejandra.
1861 Primeiro poema en galego: "Adeus ríos; adeus fontes".
1862 Morre a súa nai en Compostela mentres Rosalía vivía con ela.
1863 Publica "A mi madre" e o 17 de maio "Cantares Gallegos"; obra capital do Rexurdimento literario galego.
1865 Publica en El Almanaque de Galicia (Lugo) o artigo "las literatas (cartas a Eduarda)" sobre a condición feminina.
1867 Publica a súa novela mais longa e ambiciosa: "El caballero de las botas azules.
1875 Nace o seu fillo Adriano que morreu 19 meses despois ó caer dunha mesa.
1884 Publica o seu libro de poemas "A orillas del Sar"
1885 Rosalía morre os 48 anos na sua casa da Matanza en Padrón despois de padecer un cáncer de útero.
Jacobo Rodríguez Rubiños
5° B

## Grumetes polo futuro do mar.

O señor Xacobe é un vello lobo mariño; gústalle a soidade e é coñecido por sentarse horas na misma pena e fálalle ao mar.
Ninguén o molesta; pois tén moi mal carácter... só amosa un sorriso cando molla os pés na auga e as ondas o salpican.
Hoxe como cada día, anda a falar con algún ser imaxinario.
-Ay Maruxaina! Vaia pintas me levas!! Ves feita unha porca!, pero muller de onde saíches así?
-Cala Xacobe, cala, que isto xa non hai por onde collelo. Lle dí a Maruxaina
Mira canto lixo, canto plástico e redes, canta porcallada nos meus cabelos loiros, a miña cola de serea... xa nin brila como debería por mor da contaminación do Cantábrico. Maruxaina case está a chorar da pena.
Eu sonche a Raíña das Sereas,!! A única que queda nesta comarca e xa estou farta dos humanos!!dí entre bágoas de rabia; e xa non digamos meu pai Poseidón, que si por él fose... afundiría esta Terra cun maremoto e limparíaa de humanos para sempre. Non merecen outra cousa!!!
Xa sabes como están os mares... cada vez peor. Ninguén se da conta do mal que os seres mariños vivimos. Todo cheo de gasoil, de lixos, vertidos contaminantes... e a sobrepesca. ¡¡ Iso tamén!! Non lles chega con envenenarnos, que tamén pescan sin xeito e acaban con nós.
-Xa o sei Maruxaina,xa o sei... de feito xa fai un tempo que contactei cunha xente que está a investigar a maneira de limpar os mares e os océanos; están a piques de fabricar unhos barcos con enerxía solar e eólica que rastrexan todo o fondo mariño e recollen o lixo; sen prexuizo dos habitantes do mar. Hai que ter fé e esperanza nas novas xeracións Maruxaina. Están máis e mellor preparados e teñen màis conciencia ecolóxica.
-Xacobe, hai que axudarlle ao mar a rexenerarse, temos que facer algo; do contrario coido que seguirán a desaparecer máis especies mariñas. Estamos ao límite. E non só os mares e os océanos, tamén as especies de auga doce.
Os rios, os lagos, os acuíferos subterráneos... en todos eles hai contaminación e xa non podemos vivir así. Só falta que os humanos vexan que así o mundo vaise acabar, que hai que darlle moita importancia a reciclaxé e á conservación das especies animais e vexetais.
Entre todos, estou seguro que imos acadar algunha melloría,dimo o meu vello corazón. Respostoulle Xacobe non moi convencido...
-Ogallá sexa certo Xacobe, ogallá... nós as sereas seguiremos levantando os vertidos e devolvéndoos ás praias con cada pleamar, pois estamos a ver que cada vez máis xente é consciente do mal que o fan outros, e recollen todo e limpan os areeiros e as rochas.
-E nós os Xaios, xunto coas serpes mariñas, seguiremos limpiando ríos e mares; seguiremos meténdonos nos soños dos rapaces da bisbarra e amosarémoslles o noso sufrimiento, convertindo os seus soños en pesadelos.
- Moi ben, decidido logo, dí Xacobe, xuntarei aos Xaios da comarca, falarei coas serpes mariñas, coas fadas da auga... e buscaremos a forma de mellorar todos estos inconvintes que os propios humanos provocaron. Se esta especie tan destructiva non é capaz de ver o mal que está a facer no planeta, teremos que ser nós, os gardiáns da natureza os que cos nosos medios coidemos este mundo.
Xacobe volta a sorrir cando unha ondiña lle molla os pés. É Maruxaina que se despide ata o día seguinte, dando por acabada a conversa co xefe dos Xacios (pois Xacobe é un Xacio, con tantos séculos coma a propia Terra).

* Xacio:Ser mitolóxico de figura humana que habita nos pozos máis profundos dos rios.
*Maruxaina: Serea que vive nos Farallóns, en San Cibrao (Lugo).
*Poseidón: Deus dos mares, pai da Maruxaina.

**Reflexión do autor:**

**Se non coidamos do noso entorno, non haberá un futuro.**
**Só temos un planeta e temos a obriga de coidalo, para nós e para os vindeiros habitantes terrestres. Hai que coller conciencia da importancia da reciclaxe, aprender a separar o lixo adecuadamente,as enerxías renovables e o futuro dunha maneira de traballar na industria máis sostible e con menos aplicacións químicas contaminantes.**
**Con pequenos actos que podemos facer na casa conseguiremos pasiños importantes para axudarlle ao medioambiente.**



# 6ºA RETRATOS

Retratámonos os uns aos outros para vernos...."guapos/as"
A ver que vos parecen!

Retrato: Daniela Do.
Autor/a: Yasmine



Retrato: Jandro
Autor/a: Antón



Retrato: M Antonia
Autor/a: Alex



Retrato: Alex
Autor/a: María A.



Retrato: Unai
Autor/a: Lluna



Retrato: Antón
Autor/a: Jandro



Retrato: Yasmine
Autor/a: Aroa L.B



Retrato: Daniela Cotarelo
Autor/a: Adrián



Retrato: Adrián
Autor/a: Daniela.C



Retrato: Hugo
Autor/a: Sara



Retrato: Aya
Autor/a: Alejandro



Retrato: Alejandro
Autor/a: Aya



Retrato: Sara
Autor/a: Hugo



Retrato: Aroa
Autor/a: Daniela.D



Retrato: Zoubair
Autor/a: Mara



Retrato: Lima
Autor/a: Lima



Retrato: Mara
Autor/a: Zoubair



# ANIMALADAS 6ºB

**OS CARACOIS E AS MIÑOCAS:** Son hermafroditas simultáneas (macho e femia á vez).



**O MOUCHO DE VIRGINIA:** É o máis grande de América do Norte,mide 70 cm de largo. As súas garras poden atravesar o brazo dun home. As partes das súas presas que non pode dixerir,como os ósos ou plumas,son regurxitadas pola boca en forma de pequenas bolas chamadas egagrópilas.



**A LURA XIGANTE:** Chega a acadar os 18 metros de lonxitude, dos cales 10 corresponden aos tentáculos. As primeiras fotografías de espécimes vivos , foron tomadas a 900 metros de profundidade.

**OS FLAMENCOS:** Son rosas porque comen maioritariamente gambas e algas.

**OS CANGUROS:** Para refrescarse removen a capa de area quente da superficie e bótanse na area das capas máis frías.

**OS CAMELOS:** De noite, o corpo dos camelos arrefríase. Así que, aínda que o sol os quenta todo o día nunca se quentan moito.



**O GATO BOBTAIL XAPONÉS:** O seu nome deriva da súa cola corta de solo dez ou doce centímetros de lonxitude, que é rizada, con pelo que crece ata o exterior en todas as direccións , producindo un aspecto cortado, de esponxa.

**OS ZORROS AFRICANOS:** O pelo claro dos zorros africanos axuda a reflectir a color e a mantelos frescos.



**A VIUDA NEGRA:** Recoñécese facilmente pola marca de "reloxo de area"vermello na parte inferior . É moi velenosa .O macho e mais pequeno e non morde. A femia é capaz de vencer a criaturas mais grandes tirándolles unha seda resinosa.

Pódese encontrar no sur de Estados Unidos. O seu hábitat é terrestre, soe vivir cerca da terra e en puntos abrigados e escuros.



O seu veleno e neurotóxico, o que significa que bloquea a transmisión de impulsos nerviosos, paralizando o sistema nervioso central.

**SECRETARIOS:** Teñen unha crista de largas plumas negras. É a ave rapaz máis alta: pode chegar ata os 122 cm. Encántalle comer serpentes. Non mastica a comida, trágaa.



**GARULAS XAPONESAS:** Son aves moi grandes e elegantes. En Asia simbolizan a boa sorte. Son excelentes nadadoras a pesar de non ter patas palmeadas. Buscan parella executando unha danza especial.

**O PREGUICEIRO:** Pasa cerca do 80% do seu tempo durmindo. Habita no bosque tropical, suspendido no cume das ramas. Pode permanecer máis dunha semana sen baixar ao chan máis que para facer as súas necesidades. Non necesita desprazarse, xa que se alimenta das follas das pólas nas que habita. Ráscase moito porque ten un número impresionante de insectos que lle pican sen cesar.



**AS CEBRAS:** As cebras despistan aos depredadores porque as súas raias se mesturan coas doutros membros do grupo, polo que se fai difícil ver onde remata unha cebra e comeza outra.



**O LEOPARDO:** Á hora máis calorosa do día, os leopardos descansan en árbores frondosas. As follas producen sombras iguais ás pintas da pel do leopardo e camúflano mentres dorme. As manchas tamén lle axudan a obter alimento. Ao cazar, pode moverse furtivamente entre a herba, sen que a presa o vexa.





**OS GORILAS:** É o tipo de simio que máis pesa, por iso pasan moito tempo sentados. Case todo o tempo están mascando talos de bambú e lambendo follas.

Os gorilas machos e adultos teñen a pelame do lombo de cor branca. Viven nos bosques de África Central. Son vexetarianos e pasan a maior parte do tempo comendo e durmindo. O gorila macho rósmalle a súa familia, logo esperta, xoga coa súa cría e adormece outra vez.

**O GATO ESFINXE:** É de orixe canadense, é a raza de gato menos común, non ten pelo e é bastante estraño. Necesita un ambiente cálido.

Con cor de ollos que complementan a cor da pel, ten moitas variedades.

Costa entre 500 e 800 euros en España.



# CARTA DE DESPEDIDA DOS ALUMNOS DE 6º CURSO

**Somos os alumnos/as de 6º, e esta é a nosa carta de despedida.**

**Como todos queriamos dicir algo, pareceunos unha boa idea darnos a coñecer un pouquiño máis a través destas preguntas.**

**Cal é o teu mellor recordo do cole?**

**Lluna:** Recordo que me gustou moito a festa de fin de curso de 3º ou 4º, porque aínda que eu non actuara, gustáronme moito as demais cancións e actuacións.

**Unai:** Os meus compañeiros, porque sempre estiven con eles.

**María Antonia:** Gústame xogar no patio. Tamén o Nadal e a capa de Harry Potter.

**Laura Llendesrozos**: En entroido, cando todo o noso cole foi disfrazado e desfilamos por Ribadeo e un montón de xente nos estaba vendo desfilar.

**Claudia**: Cando desfilamos no entroido por todo Ribadeo de Cazapantasmas e chegamos ao Cantón bailando a canción da película.

**Luján**: O que máis me gustou foi disfrazarme no Samaín de bruxa.

**Alex**: Cando fomos de excursión con Alejandro a ver animais.

**Stewart**: Cando fixen amigos.

**Que vas botar de menos do cole?**

**Antón:** Vou botar de menos as materias que son máis fáciles e tamén ser o maior do cole.

**Jandro:** Os/as mestres/as que me fixeron aprender todo o que sei agora e estar na mesma clase para todas as materias.

**Aitor**: Vou botar de menos que haxa árbores e natureza no patio e que non vou a estar cos mesmos compañeiros que o ano pasado.

**Bruno**: Vou botar de menos educación física, pero sobre todo as cousas fáciles do colexio.

**Natalia**: A comida do comedor e aos compañeiros e compañeiras.

**Laura**: A comida e as festas.

**Que consello lle darías ós alumnos de 5º?**

**Aya:** Que se preparen para 6º, porque teñen que estudar moito, que aproveiten ben o ano para aprobar e non suspender.

**Alejandro:** Aconséllovos que aínda que dé moita pereza, que non deixedes as cousas para estudar o último día, pero sobre todo, aconséllovos que o pasedes en grande todo o curso, pero compaxinándoo cos deberes e o estudo.

**David**: Que non se confíen e que estuden moito porque vén un curso complicado.

**Nerea**: Que estuden e que se esforcen en aprobar, para non repetir.

**Fran**: Que estuden pouco pero ben.

**Raquel**: Que estuden máis para conseguir matrícula de honra.

**Que cres que vai cambiar no instituto con respecto ao cole?**

**Mara:** Van cambiar as horas que vou estar no instituto e o lugar. Vai facérseme raro non estar na mesma clase e non poder estar coa mesma titora.

**Zoubair:** Que vou ter que estudar moito máis e acostumarme aos novos profesores/as.

**Xoel**: Os profesores, os meus compañeiros e todas as aulas. Todas aquelas tarefas que nos manden, como me expliquen as cousas...

**Stefany**: Creo que vai cambiar TODO, os profesores, os compañeiros. As materias serán máis, haberá un novo horario, etc.

**Emma:** Imos ser máis independentes, teremos que estudar máis e faremos novas amizades.

**Valentina**: Os estudos porque teremos que estudar máis, os profes e nós, porque imos cambiando.

**Como viviches a cuarentena o curso pasado?**

**Daniela Cotarelo:** Botaba de menos ós meus compañeiros e a miña profe Ana, pero tiñamos máis tempo para facer as tarefas.

**Adrián:** Mal, porque non podía ver aos meus amigos nin a miña familia en persoa, nin xogar con eles.

**Bereket**: A cuarentena vina difícil porque pensaba que nos íamos quedar na casa durante moito tempo. Prefiro casa ao colexio.

**Xandre**: Vivín a cuarentena moi aburrido, pero tamén como tiña moito tempo aprendín cousas novas. Sobre todo prefiro o colexio, pero ás veces a casa tamén é divertida, sobre todo porque dormes un pouco máis.

**Maikel**: Bastante ben pola parte do estudo pero mal porque non se podía saír.

**Héctor**: Ben porque non había exames e mal porque non se podía saír á rúa.

**Cal foi o teu curso favorito?**

**Sara:** 2º, porque aí coñecín á miña mellor amiga.

**Hugo:** O meu curso favorito foi 1° de primaria, porque tiñamos unha profesora moi boa e podiamos xogar despois de facer os exercicios.

**Alexandre**: O meu curso favorito foi 5° porque non había coronavirus (ao comezo) e porque estaban os meus mellores amigos.

**Lúa**: O meu curso favorito foi 6° de primaria, porque propúxenme moitos retos e a metade xa os conseguín.

**Isaac**: 4°, xa que me gustaba moito a profesora.

**Flavia**: 1° porque o profesor nos deixaba xogar.

**Brais**: 6° porque coñecín a profes novos e disfraceime de esqueleto.

**Que é o que máis che apetece do futuro?**

**Daniela Dorado:** No futuro apetéceme chegar ao instituto e seguir indo os mesmos nenos/as na mesma clase, que nos toque un bo titor/a, que non nos poñan moitos deberes e poder seguir estando coas miñas amigas.

**Yasmine:** O que máis me apetece é poder quedar cos meus amigos e coas miñas amigas, porque son o máis importante para min.

**Jimena**: O que máis me apetece do futuro é ter saúde e seguir desfrutando coa miña familia e amigos.

**Adriana**: O que máis me apetece do futuro é ter un can e seguir tendo o apoio da miña familia.

**Claudio**: Aprobar todos os cursos con boa nota.

**Noa**: Intentar aprobar todos os exames e pasar de curso.

**Karel**: Aprobar todos os exames.

**Cal foi a túa festividade favorita?**

**Aroa:** A miña festividade favorita foi o entroido polos disfraces, a alegría e a diversión.

**Álex:** O Samaín, porque gústame moito disfrazarme de scream.

**Aynoha**: Foi entroido, porque no comedor daban orellas de postre.

**Antón Lamas:** O Samaín, porque nos disfrazamos e comemos castañas.

**Xiana:** O magosto porque é moi divertido.

**Iván**: O entroido, cando se lle prende lume ao meco.

**Agora que vos contamos un pouco máis do noso paso polo cole, e do que esperamos do futuro, toca despedirse.**

**Ata sempre, CEIP Gregorio Sanz. Botarémoste de menos!**

## APRENDEMOS INVESTIGANDO!

O alumnado de 6° C fixemos traballos de investigación na clase de Ciencias da Natureza para aprender sobre temas relacionados coa alimentación e a nutrición. Despois elaboramos presentacións para expoñer na aula os resultados ás nosas compañeiras e compañeiros.

Brais falounos de comidas raras do mundo.



Claudio explicounos cales eran os países coas dietas máis e menos saudables do mundo e Emma como é a dieta dos diferentes continentes.







Karel e Stewart analizaron dietas adelgazántes, os seus pros e os seus contras.







Xiana e Isaac falaron dos beneficios da dieta galega e mediterránea.






Flavia falounos da obesidade e Iván analizou este problema na sociedade de EEUU.




O PROBLEMA DA OBESIDADE EN ESTADOS UNIDOS.



Noa, Héctor, Valentina, Raquel, Natalia e Laura explicaron cales son os diferentes trastornos alimenticios.


















Francisco falounos do cultivo da laranxa, Maikel analizou os pros e contras da xelatina como alimento e Alexandro invitounos a coñecer un prato tradicional de Colombia e Venezuela; a arepa.










TODOS OS TRABALLOS FORON MOI INTERESANTES E APRENDEMOS MOITO!

# CAMPAÑA A PROL DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

## POR UN MUNDO MULTILINGÜE

Protexamos entre todos a rica variedade lingüística do noso planeta. A variedade multilingüe mundial constitúe un patrimonio que é imprescindible protexer e potenciar.

Usar con destreza e normalidade a nosa lingua é disfrutar dun valioso tesouro que debemos e podemos transmitir. ATOPA O NOSO TESOURO, ATOPA A NOSA LINGUA!!!

## A QUEN VAI DIRIXIDO ESTE TEXTO?

Este texto pretende achegar a toda a comunidade educativa (nais, pais, alumnos/as, docentes...) a importancia de abordar colectivamente a mellora da formación lingüística dos nosos alumnos/as. Nun mundo onde os idiomas van ser fundamentais para abrirse camiño na vida, non debemos malgastar o noso potencial lingüístico. Non debemos esquecer pois que a lingua galega é o noso tesouro, o noso patrimonio propio e diferencial.

## AS VANTAXES DE MEDRAR CO GALEGO

Os beneficios que reporta o plurilingüismo son ben coñecidos. Conseguir que os nosos alumnos/as saiban desenvolverse tan ben en galego coma en castelán aportaralles moitos beneficios para o seu futuro.

### VANTAXES NO EIDO EDUCATIVO

A aprendizaxe bilingüe dos nenos/as favorece e fai máis asequible a posterior aprendizaxe doutras linguas. Os alumnos/as bilingües posúen una base fonética e gramatical máis ampla que lles facilitará o acceso a outros idiomas.

### VANTAXES NO EIDO SOCIAL

Acadar una competencia axeitada en galego e castelán é necesario para desenvolverse plenamente nos estudos universitarios, oposicións, cultura... Para integrarse nunha sociedade na que o galego debería estar cada vez máis presente, saber galego convértese nun requisito fundamental.

### VANTAXES NO EIDO ECONÓMICO

No mundo da globalización económica, o feito de contar cunha lingua diferenciada anima ás empresas e multinacionais presentes en Galicia a contratar galegos/as.

### VANTAXES NO MUNDO DE FALA PORTUGUESA

A lingua galega é básica para coñecer a portuguesa, con máis de 200 millóns de falantes no mundo.

***NINGÚN PAÍS QUE SE PRECE QUERE PERDER A SÚA LINGUA. FALA GALEGO!!!***

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

*Ligazón do Blog "Galegueo":*

https://agueiro.xunta.gal/view/view.php?t=KpNfgGkx6d0LyDvTs14F

VIDEOXOGOS

# Consellos para o desfrute sen risco en familia

Non podemos negarlles o dereito a vivir no mundo, pero temos o deber de guialos para tomar decisións responsables.

## 01 Seguridade no equipo informático

Antivirus, filtros de control de acceso á Rede e programas de **control parental** son ferramentas útiles para lograr certa seguridade no uso do ordenador, do móbil e tamén das videoconsolas.





## 02 Normas

É necesario establecer **límites**, restrinxindo horarios para que a navegación por Internet non se convirta na actividade principal fóra do horario escolar e marcando normas como poden ser "non mercar por Internet" sen consultar a un adulto.

## 03 Zona común

É recomendable habilitar unha zona de uso común de Internet para facilitar a **supervisión** do tempo e o xeito de navegación.





## 04 Investigación previa

Debemos informarnos ben sobre os videoxogos antes de mercalos ou descargalos, axudándonos da **clasificación PEGI** para determinar a idade mínima recomendada e o tipo de xogo de que se trata.

## 05 Escoller ben

Os videoxogos poden ser ferramentas moi valiosas de **aprendizaxe**, para o fomento da creatividade e da lectura; polo que convén facer unha boa selección previa. Xogos coma Minecraft, Super Mario Maker, historias gráficas ou xogos de rol poden ser boas opcións.



# 06 Xogar en familia

Hai que buscar espazos e momentos para compartir e aumentar a **comunicación da familia**. Os xogos colaborativos, ademais, contribúen ao compañeirismo e á capacidade de traballar por un obxectivo común, xerando optimismo para saír victoriosos ante desafíos. Un exemplo disto poderían ser os scape room online ou xogos coma "Keep talking and nobody explodes".



# 07 Ollo ao gratuíto!



Moitos xogos para móbiles e tabletas deséñanse con **enganos económicos** e abusan da curta idade dos consumidores. Cómpre ter coidado coas compras integradas (in-app) que, por descoido ou descoñecemento, poden acarrear gastos excesivos.

De igual xeito, debemos ser coidadosos cos **datos persoais** e non permitir acceso a eles ou conectar con redes sociais.

# 08 Sempre con supervisión

Xogar online equivale a estar nunha **rede social,** compartindo o xogo con outras persoas conectadas, coñecidas ou non. Por iso é imprescindible a supervisión adulta. Ademais, é moi importante prestar **atención** a como reaccionan e xestionan os enfados ao non pasar unha pantalla e como trata aos demais.



# 09 Coidar a saúde



Convén poñer **límites** de uso e prestar atención á súa postura ou condicións visuais.
Existen **prioridades**: as necesidades vitais (comer, durmir, descansar, asearse...) e as tarefas escolares.

# 10 Para evitar as adiccións

- Dispoñer de normas claras, que deben cumprirse **SEMPRE**.
- Fixar un **horario** e tempo de xogo determinado.
- Evitar cortar o xogo de golpe, **anunciando** uns minutos antes que remata o tempo de videoxogo para ese día.
- **Compaxinar** con outras actividades de ocio: deporte, lectura, xogos en familia ou con amizades...
- Amosar unha actitude de comprensión e cercanía para xerar **diálogo**.



CEIP Gregorio SANZ
Avda. de Luarca s/n
27700-RIBADEO (Lugo)
Teléfono: 982870704/Fax:982870706
ceip.gregorio.sanz@edu.xunta.es
Http://www.edu.xunta.es/centros/ceipgregoriosanz/

# Videoxogos recomendados




## CHUCHEL

Chuchel vai na procura da súa preciosa cereixa e terá que superar numerosos retos  e ao seu rival Kekel para conservala.
Situacións de humor.




## It takes two (Necesítanse dous)

Coa colaboración dun amigo/a haberá que facer fronte a gran variedade de desafíos.



## Keep talking and nobody explodes

""Sigue falando e ninguén explota" é unha simulación na que un xogador dá as instruccións para desactivar unha boma e, outro, execútaas.
Máis vale que corten o cable adecuado...




## Kerbal Space Program

Dirixe o programa espacial dunha raza alienixena coñecida coma os Kerbals. Utiliza pezas para construir naves espaciais, que volarán (ou non) segundo as leis da aerodinámica e da física orbital.




## Stardew Valley

Acabas de herdar a parcela agrícola do teu avó en Stardew Valley. Serás quen de convertela nunha próspera granxa?




## Rayman Legends

Mellor xogo de plataformas do ano, gañador de premios a nivel artístico e musical. Xogo de aventuras.



## Fall guys

Xogo multixogador masivo tipo party online, todos contra todos, ronda tras ronda, nun caos crecente, ata que só queda un. Carreiras de obstáculos con participantes un pouquiño torpes.

CEIP Gregorio SANZ
Avda. de Luarca s/n
27700-RIBADEO (Lugo)
Teléfono: 982870704/Fax:982870706
ceip.gregorio.sanz@edu.xunta.es
Http://www.edu.xunta.es/centros/ceipgregoriosanz/

# A MIÑA APORTACIÓN

# A MIÑA APORTACIÓN

# A MIÑA APORTACIÓN

DEPÓSITO LEGAL: LU-695-1983

EDITA: GRUPO DE PRENSA DO
C.E.I.P. "Gregorio Sanz"
RIBADEO

Subvencionado por
Política Lingüística

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

Bibliotecas escolares de Galicia

Equipos de Dinamización da Lingua Galega







- 1989 Celso Emilio Ferreiro
- 1990 Luis Pimentel
- 1991 Álvaro Cunqueiro
- 1992 Fermín Bouza Brey
- 1993 Eduardo Blanco Amor
- 1994 Luis Seoane
- 1995 Rafael Dieste
- 1996 Xesús Ignacio Ferro Couselo
- 1997 Ángel Fole
- 1998 Xoán de Cangas, Martín Códax y Mendinho
- 1999 Roberto Blanco Torres
- 2000 Manuel Murguía
- 2001 Eladio Rodríguez
- 2002 Fray Martín Sarmiento
- 2003 Antón Avilés de Taramancos
- 2004 Xaquín Lorenzo, Xocas
- 2005 Lorenzo Varela
- 2006 Manuel Lugrís Freire
- 2007 María Mariño
- 2008 Xosé María Álvarez Blázquez
- 2009 Ramón Piñeiro López
- 2010 Uxío Novoneyra
- 2011 Lois Pereiro
- 2012 Valentín Paz Andrade
- 2013 Roberto Vidal Bolaño
- 2014 Xosé María Díaz Castro
- 2015 Xosé Filgueira Valeverde
- 2016 Manuel María
- 2017 Carlos Casares
- 2018 Mª Victoria Moreno Márquez
- 2019 Antón Fraguas Fraguas
- 2020 Ricardo Carvalho Calero
- 2021 Xela Arias

RAS GALEGAS LETRAS GALEGAS








